



Nº EXPEDIENTE:2024/SUBDIREC/000004

ASUNTO: OUTORGAMENTO DUNHA ACHEGA ECONÓMICA AO CLUB TAEKWONDO MACE SPORT PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE DO TAEKWONDO NO CONCELLO DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DO APOIO Á ORGANIZACIÓN DO XXVI TORNEO INTERNACIONAL DE TAEKWONDO CIDADE PONTEVEDRA

RESOLUCIÓN APROBACIÓN SUBVENCIÓN

Examinado o expediente tramitado para conceder a subvención directa que se sinala no asunto, resultan acreditados os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1.- O club taekwondo mace sport (G36301794) presentou o 31.03.2024 un escrito con número de rexistro 2024014008 no que solicita unha axuda económica de 15.000,00 € con motivo da organización do "XXVI Torneo internacional de taekwondo cidade Pontevedra".
- 2.- Á vista da solicitude que formula a entidade interesada, a concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía emite unha memoria xustificativa na que dispón, entre outros extremos, o inicio do expediente de outorgamento da subvención solicitada, tendo en conta que no Orzamento Xeral do Concello para o ano 2024 existe unha partida para tal fin.
- 3.- A subvención obxecto do expediente figura prevista co número de ficha con número de orde 019 dentro da area de competencia de deportes do Anexo I da actualización do PES para o ano 2024 (aprobada a través do Decreto de Alcaldía do 26/03/2024), pertencente ao Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para os exercicios 2023-2025 e publicado no apartado de transparencia da sede electrónica do Concello de Pontevedra.
- 4.- Incorpórase ao expediente informe económico sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e informe proposta de aprobación da subvención directa, ambos asinados pola dirección do servizo de deportes.
- 5.- Consta no expediente informe da Asesoría Xurídica Municipal de data 11.04.2024.
- 7.- A Intervención Xeral, con data 23.04.24, emitiu informe de fiscalización previa limitada de conformidade co disposto no artigo 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), así como no artigo 58 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- 8.- Incorpórase ao expediente informe da dirección do servizo de deportes sobre o informe de fiscalización previa limitada da intervención xeral municipal 24.04.24.
- 9.- A dirección do servizo municipal de deportes incorpora ao expediente informe proposta final para a aprobación da subvención e do convenio regulador da colaboración do Concello de Pontevedra coa entidade subvencionada.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

- 1.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio, exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia obxecto da subvención, o que xustifica a utilidade pública e interese social na concesión da axuda.





2.- O artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra dispón que son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

3.- O artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, establece que poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos.

4.- O club taekwondo mace sport acredita no expediente que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Municipal, coa ATRIGA, coa AEAT, e coa TXSS, e figura no expediente a documentación xustificativa destes extremos. Ademais, segundo os datos dos que dispón o Servizo a entidade no se atopa incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2. da LXS, e cumpre coas bases que regulan este procedemento, co Regulamento Municipal de Subvencións e coa a Lei Xeral de Subvencións.

5.- O evento deportivo para o que solicita a axuda é unha proba de grande interese público e social, polo elevado número de participantes e espectadores, polo nivel deportivo da proba, así como pola promoción do deporte de base, do turismo e da economía do noso municipio. Deste xeito, a celebración deste evento na cidade de Pontevedra suporá, por un lado, a posta en valor da actividade física e deportiva e, por outro, o fomento e a difusión da cidade como promotora de competicións dun destacado nivel deportivo, promovendo a súa imaxe e a súa oferta cultural, turística, comercial e deportiva. A importante repercusión e difusión da proba e o elevado número de participantes e espectadores que se achegan á cidade, fan que a actividade teña un importante retorno económico para a veciñanza, promovendo a promoción da imaxe de Pontevedra como escenario dunha proba deportiva de alto nivel.

A relevancia da proba deportiva sinalada, así como as anteditas razóns de promoción do deporte, da difusión da imaxe da cidade e o beneficio económico que supón para o sector hostaleiro e turístico de Pontevedra, xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose que esta poida alcanzar ata o 100% do custe da actividade.

Cómpre subliñar que o campionato para o que se solicita a axuda é organizado por unha entidade deportiva de base que ten unha relación directa coa organización de actividades deportivas na modalidade do taekwondo, aínda que o dito campionato é de carácter puntual e extraordinario e desenvólvese fóra da súa programación habitual, polo que non se inclúe no orzamento anual do club que solicita a axuda.

6.- A competencia para a concesión de subvención directa co carácter de nominativa corresponde á Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións, no artigo 124.4.n) da Lei 7/1985 e no artigo 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal. A dita competencia delegouse por decreto da Alcaldía de data 11.01.2024 nos/as concelleiros/as de goberno delegados/as de área segundo o seu ámbito funcional, en concreto no caso que nos ocupa, na concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía.

Pola súa banda, a sinatura do convenio corresponderá ao Alcalde, ao abeiro do artigo 124.1 e 4.ñ) da Lei 7/1985, que lle atribúe a máxima representación do municipio e a chamada competencia residual.

Consonte cos fundamentos xurídicos expostos, unha vez informada a existencia de crédito pola Oficina de xestión presupuestaria e contabilidade e informado o expediente de conformidade pola Intervención Xeral municipal,

ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención prevista nominativamente nos orzamentos municipais, á, club taekwondo mace sport (NIF G36301794), para apoiar a organización do XXVI Torneo internacional de taekwondo cidade de Pontevedra por importe de quince mil euros (15.000,00 €), nos termos previstos na memoria da concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía e no convenio regulador da axuda.





A achega económica financiará como máximo o 100% do importe do gasto total do programa subvencionado, co límite de quince mil euros (15.000,00 €), en base ás especiais razóns de interese público e social motivadas no expediente.

Segundo.- Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se indica:

Aplicación	Operación nº	Importe
05.3410.489.15	12024000017271	15.000,00 €
Total		15.000,00 €

Terceiro.- Aprobar o texto da proposta de convenio regulador da subvención que se incorpora ao expediente, redactado por este servizo xestor (CSV: XQWAFFV2RDH8OBAN).

Así o manda e asina a concelleira da concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía e da fe do acto o Secretario da Administración Municipal.

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

